ESTE NADAL...QUE SEXA FEMINISTA!

Constrúe espazos seguros e libres de violencias machistas.

SEN IGUALDADE, NON HAI FESTA!

Concello de Oleiros

Estas festas son para o desfrute de todas as persoas en igualdade de condicións e sen violencias.

As agresións machistas NUNCA teñen xustificación.

O consumo de alcol e o espírito festeiro e de celebración NON XUSTIFICA ningún comportamento machista.

Insistir non é ligar, é acosar. E acosar é agredir. En festas, non todo vale. NON é NON, con festa ou sen festa. Non agridas!

A túa forma de comportarte, bailar, rir, beber ou vestir non lle dá dereito a ninguén a tocarte e acosarte.

Unha agresión é unha agresión, e sempre é responsabilidade de quen a exerce!

Falar ou ligar con alguén non te obriga a chegar máis alá de onde ti decidas. Tes todo o dereito a parar en calquera momento.

Ninguén pode chantaxearte, intimidarte ou meterte presión. Calquera tipo de relación ten que ser consensuada. Senón...é agresión!

‘Non me apetece’, ‘non quero’, ‘outro día’, ‘agora non’, ‘prefiro ir coas miñas amigas’, ‘déixame tranquila’... significa NON. Se insistes, estás agredindo! Un ‘SI’ condicionado pola chantaxe ou insistencia, segue a ser un NON, unha agresión.

Se está inconsciente, afectada polo alcol ou outras drogas, NON hai consentimento. Calquera tipo de práctica sexual cunha persoa cuxa consciencia está comprometida é agresión.

ESTE NADAL...QUE SEXA FEMINISTA!

Constrúe espazos seguros e libres de violencias machistas.

SEN IGUALDADE, NON HAI FESTA!

Concello de Oleiros